



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA "CONCEPCIÓN ARENAL"

Rúa Cuntis, 1 15403 Ferrol (A CORUÑA) Telf: 981 31 01 04/ Fax 981 31 01 08
<http://www.edu.xunta.es/centros/iesconcepcionarenal> e-correo: ies.concepcion.arenal@edu.xunta.es



F.S.E.

PLAN ACCIÓN TITORIAL

CURSO 2024/25



PLAN DE ACCIÓN TITORIAL (PAT)

1. INTRODUCCIÓN

- **Análise do contexto**
- **Obxectivos**
 - Obxectivos xerais da acción titorial
 - Obxectivos específicos cos diferentes axentes
 - En relación co alumnado
 - En relación coas familias
 - En relación co profesorado
- **Funcións dos titores/as e criterios para a súa selección**
- **Proposta de contidos para a labor de titoría**
- **Actuacións previstas desde o departamento de orientación**
 - Co alumnado
 - Coas familias
 - Co profesorado

2. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

3. MARCO LEXISLATIVO



1. INTRODUCCIÓN

O Plan de Acción Titorial constitúe o marco de referencia do que debe ser a acción titorial; é dicir, o conxunto de actividades que realizan os titores e titoras co obxecto de personalizar o ensino e atender a todos os factores do desenvolvemento do alumnado. O Plan de Acción Titorial deséñase tendo en conta as seguintes liñas de actuación: **aprender a convivir, aprender a aprender, aprender a tomar decisións e aprender a ser persoas.**

Este plan ten por finalidade:

- ✓ Organizar os contidos de orientación que se desenvolverán a nivel grupal, na hora de tutoría.
- ✓ Sistematizar a intervención do titor ou da titora tanto a nivel grupal como individual.
- ✓ Dinamizar a relación coas familias, a coordinación co profesorado e con outros axentes externos.

A súa elaboración corresponde ao Departamento de Orientación en colaboración coa dirección do centro e o profesorado titor seguindo as directrices establecidas pola CCP. Este plan elabórase de xeito consensuado por todo o equipo docente e forma parte do Proxecto Educativo de Centro.

Como sinalamos, a tutoría é un dos piares básicos do proceso de ensino-aprendizaxe e apoia o desenvolvemento socioafectivo e académico- vocacional do noso alumnado. Esta debe incluír o conxunto de actividades individuais ou de grupo que leva a cabo o titor ou titora responsable dun grupo- clase.

As funcións xerais do titor e da titora fan referencia aos seguintes ámbitos:



1. Apoio ao alumnado no descubrimento dos seus propios valores, intereses e motivacións e asesoramento na toma de decisións desde o punto de vista académico e profesional.
2. Adaptación dos programas propostos para acadar un máximo rendemento fronte aos obxectivos propostos, coordinando a acción do equipo de profesoras e profesores e controlando o cumprimento das normas no seu grupo.
3. Representación da función docente fronte aos de pais e nais.
4. Desenvolvemento do Plan de Acción Titorial tendo en conta as liñas marcadas polo centro.

Aínda que cada grupo ten un titor/a asignado responsable principal do labor tutorial, o equipo docente apoiará este labor a través das diferentes materias, ámbitos e módulos.

Principios de intervención:

- ✓ **Planificación.** Para a elaboración do PAT basearémonos na colaboración e consenso de todo o equipo docente, supervisado pola xefatura de estudos.
- ✓ **Cooperación.** A execución do PAT e responsabilidade de toda a comunidade educativa.
- ✓ **Curricularidade.** A labor tutorial desenvolverase principalmente a través da hora de tutoría pero tamén a través das diferentes materias, módulos e ámbitos coa colaboración de todo o profesorado.
- ✓ **Intervención social.** O PAT non só inclúe os aspectos do ámbito académico e vocacional senón tamén o ámbito familiar, persoal e social do alumnado. Facendo fincapé no factor preventivo ante calquera casuística que poida afectar ao seu desenvolvemento integral.



- ✓ **Construtividade e funcionalidade.** As actividades que se realizarán deben ser significativas para o alumnado, partindo dos seus centros de interese e aplicadas na súa contorna.

•ANÁLISE DO CONTEXTO

En liñas xerais, o IES Concepción Arenal está situado no centro da cidade de Ferrol, limítrofe co barrio da Magdalena. É un entorno urbano dotado cos servizos públicos básicos e cunha abundante oferta comercial. Nas proximidades do centro atópanse dotacións públicas sanitarias (Centro de Saúde Fontenla Maristany), culturais (Biblioteca Central) e administrativas (Edificio Administrativo da Xunta de Galicia).

Tamén están situadas nas proximidades a estación de autobuses e de tren da cidade. O nivel económico das familias é medio, medio-baixo e, nalgúns casos moi concretos, baixo ou moi baixo.

En canto ao alumnado, na etapa de ESO a maioría dos alumnos e alumnas proceden dos centros adscritos: CEIP Recimil, CPR Ludy e CPR Belén. No Bacharelato o alumnado procede tanto do centro adscrito (CPR Compañía de María) como doutros centros educativos do propio concello de Ferrol e concellos limítrofes como Ares, Fene, Narón, Neda, Valdoviño, San Sadurniño, etc. Isto é debido á gran oferta educativa que posúe xa que é o único centro da comarca que oferta o Bacharelato de Artes Plásticas e os Ciclos de FP de Operacións de Laboratorio e Química Ambiental. Inflúe tamén a proximidade ás estacións de autobús e ferrocarril.

O IES Concepción Arenal é un centro de referencia na cidade e na súa contorna, por ser o máis antigo e tamén pola importante oferta educativa que ten.



O IES Concepción Arenal ten a seguinte oferta educativa:

- * **Ensinanza Secundaria Obrigatoria** (con PDC).

- * **Bacharelato** nas modalidades de:
 - Ciencias
 - Humanidades e Ciencias Sociais
 - Artes

- * **Ciclos de Formación Profesional** da Familia de Química:
 - Ciclo Medio de Operacións de Laboratorio
 - Ciclo Superior de Química Ambiental

- * **Ensinanzas de Adultos**
 - Bacharelato de Ciencias
 - Bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais

•OBXECTIVOS

- Obxectivos xerais da acción tutorial

- ✓ Contribuír ao desenvolvemento integral do noso alumnado (vertente persoal, académica e vocacional).
- ✓ Axustar a resposta educativa ás necesidades específicas do alumnado, promovendo as medidas oportunas de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- ✓ Promover a orientación ao longo da vida, favorecendo a adquisición de aprendizaxes máis funcionais conectadas co entorno, de modo que a educación favoreza a autonomía e a búsqueda de oportunidades persoais e laborais.



- ✓ Favorecer os procesos de madurez persoal, de desenvolvemento da propia identidade e de adquisición de valores democráticos e libres de estereotipos que lles axuden a formarse como cidadáns críticos.
- ✓ Previr as dificultades de aprendizaxe como medida para evitar o fracaso escolar a inadaptación escolar e a exclusión social.
- ✓ Contribuír á adecuada relación e interacción entre os distintos integrantes da comunidade educativa: profesorado, alumnado e familias, así como entre a comunidade educativa e o entorno social.
- ✓ Implicar a axentes externos no desenvolvemento da acción tutorial.

Para ser capaces de dar resposta aos obxectivos anteriores desde o plan da acción tutorial é importante contar con:

- A participación do profesorado a través das entrevistas coas familias, as reunións grupais e os acordos da avaliación inicial.
- A planificación das titorías a través do departamento de Orientación.
- A Valoración dende o departamento de Orientación ao alumnado suxerido polos titores e titoras e o equipo docente (documento de derivación).
- A implicación do alumnado na busca de tarefas que favorezan a súa autonomía, así como no afianzamento de estratexias que lle permitan tomar decisións axeitadas en situacións diversas.
- Organización de actividades orientadas á resolución pacífica de conflitos como eixe fundamental dunha boa convivencia.
- Organización de obradoiros e actividades orientadas á educación para a saúde, educación afectivo-sexual, educación para a igualdade a liberdade na identidade de xénero e outras temáticas que podan xurdir.
-



Objetivos específicos cos diferentes axentes

- En relación co alumnado

- ✓ Favorecer a integración e participación dos alumnos e alumnas na vida do Instituto, facéndoos protagonistas da súa educación co fin de mellorar a convivencia.
- ✓ Promover o seguimento personalizado do seu proceso de ensino-aprendizaxe.
- ✓ Posibilitar a interiorización de valores democráticos para acadar a socialización e a convivencia efectiva entre homes e mulleres.
- ✓ Sensibilizar en temas transversais de interese e actualidade na busca do desenvolvemento integral como persoa.
- ✓ Facilitar a toma de decisións nos diferentes itinerarios académicos, que teñen incidencia no seu futuro tanto académico como profesional.
- ✓ Formalos no fomento dunha convivencia participativa e democrática que promova o pensamento crítico.

- En relación coas familias

Posibilitar a comunicación fluída coas familias e a participación na vida do centro para:

- ✓ Intercambiar informacións sobre as cuestións que en determinados momentos sexan importantes para mellorar o proceso de aprendizaxe dos alumnos e alumnas.
- ✓ Orientar aos pais/nais/titores e titoras legais e potenciar a súa participación no labor docente do profesorado.
- ✓ Informar periodicamente ás familias sobre o progreso educativo dos seus fillos e fillas, incidindo non so no plano académico senón tamén no plano



emocional dos rapaces e rapazas.

- ✓ Coñecer a realidade social e as posibilidades que ofrece a contorna na que se moven os seus fillos e fillas.

- En relación co profesorado

- ✓ A avaliación dos alumnos e alumnas do grupo.
- ✓ As medidas que a partir da avaliación poidan poñerse en marcha para responder ás necesidades específicas detectadas tanto grupais como individuais.
- ✓ Favorecer a coordinación entre o equipo docente de cada grupo persoa responsable das titorías e o departamento de orientación.
- ✓ Programar as actividades máis acordes co seu grupo de titorandos conforme a este plan de acción tutorial.

- **FUNCIÓNS DOS TITORES/AS E CRITERIOS PARA A SÚA SELECCIÓN**

Podemos salientar as seguintes **funcións**:

- ✓ Participar no desenvolvemento do Plan de Acción Tutorial e nas actividades de orientación, baixo a coordinación do/a xefe/a de estudos e en colaboración co departamento de Orientación.
- ✓ Proporcionar ao principio de curso, ao alumnado e as familias, información referente á organización do curso (calendario escolar, horarios, horas de titoría, actividades complementarias e extraescolares previstas, programas escolares e criterios de avaliación do grupo).
- ✓ Coñecer as características persoais de cada alumno/a a través da análise do seu expediente persoal e doutros instrumentos.



- ✓ Coñecer os aspectos da situación familiar e escolar que repercuten no rendemento académico de cada alumno/a.
- ✓ Efectuar un seguimento global dos procesos de ensino-aprendizaxe do alumnado para detectar dificultades e necesidades especiais, co obxecto de buscar as respostas educativas adecuadas e solicitar os oportunos asesoramentos e apoios.
- ✓ Coordinar as adaptacións curriculares necesarias para os alumnos/as do seu grupo.
- ✓ Facilitar a integración dos alumnos e alumnas no grupo e fomentar a súa participación nas actividades do centro.
- ✓ Orientar e asesorar ao alumnado dunha maneira directa e inmediata no seu proceso formativo.
- ✓ Informar ao equipo docente das características do grupo de alumnos/as, especialmente naqueles casos que presenten problemas específicos.
- ✓ Coordinar o axuste das diferentes metodoloxías e principios de avaliación programados para o mesmo grupo de alumnado.
- ✓ Organizar e presidir a xunta de profesores e profesoras e as sesións de avaliación do seu grupo.
- ✓ Favorecer o proceso de maduración vocacional, orientando e asesorando ao alumnado sobre as súas posibilidades académicas e profesionais.
- ✓ Colaborar co departamento de Orientación do centro, nos termos que establece a xefatura de estudos.
- ✓ Colaborar cos demais titores e co departamento de Orientación no marco do proxecto educativo do centro (PE).



- ✓ Canalizar as demandas e inquiredanzas dos alumnos e alumnas, e mediar en colaboración co/a delegado/a de grupo ante o resto dos profesores e profesoras e o equipo directivo nos problemas que se presenten.
- ✓ Informar aos pais/nais/titores e titoras legais, aos profesores e profesoras e ao alumnado do grupo de todo aquilo que lles afecte, en relación coas actividades docentes e co rendemento académico.
- ✓ Facilitar a cooperación educativa entre o profesorado e as familias do alumnado.
- ✓ Exercer a coordinación dos membros do equipo docente.
- ✓ Cubrir os documentos oficiais relativos ao seu grupo de alumnado.
- ✓ Controlar a falta de asistencia ou puntualidade do alumnado, e ter informados aos pais/nais/titores legais e ao xefe/a de estudos.
- ✓ Implicar ás familias nas actividades de apoio á aprendizaxe e orientación dos seus fillos/as
- ✓ Atender, xunto co resto do profesorado, ao alumnado mentres estes permanecen no centro nos períodos de lecer.

Haberá un titor ou titora por cada grupo de alumnado, que será designado polo director/a, a proposta do xefe/a de estudos, unha vez oído o xefe/a do departamento de orientación e os membros da Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Neste nomeamento teranse en conta, a poder ser, os seguintes **criterios**:



- Impartir docencia ao grupo completo.
- Cando non sexa posible dispor de profesorado que imparta a todo o grupo poderá crearse unha titoría compartida
- Profesorado con menor carga horaria, ou con menos materias afíns que impartir.
- Preferentemente profesorado definitivo no centro
- Preferentemente profesorado que xa fora titor do grupo no curso anterior.

• PROPOSTA DE CONTIDOS PARA A LABOR DE TITORÍA

Indícanse os bloques de contidos xerais que nos axudarán a acadar os obxectivos propostos.

Estes contidos adaptaranse en función das necesidades xurdidas en cada grupo. O DO en colaboración cos/as titores/as establecerá a concreción anual das actividades de cada bloque para cada grupo e desenvolveranse na hora lectiva de titoría na ESO e de xeito transversal a través das diferentes materias, módulos e ámbitos.

CONTIDOS

1. Acollida
2. Organización e funcionamento do grupo
3. Aprender a ser persoa: Aprender a convivir
4. Aprender a aprender: Técnicas de traballo intelectual
5. Aprender a tomar decisións: Orientación académica profesional
6. Proceso de avaliación
7. O papel da familia



ACTIVIDADES

Respecto aos alumnos:

- Actividades de acollida (Presentación profesorado/alumnado)
- Dinámicas de grupo que favorezan a inclusión
- Coñecemento das NOFC (elaboración das propias normas da aula, concienciación do cumprimento das mesmas)
- Explicacións das funcións e tarefas da titoría
- Técnicas de estudo: Emprego de técnicas de atención, de memorización, de concentración, motivación.
- Actividades de desenvolvemento persoal e de coñecemento do centro (biblioteca, educación afectivo sexual, prevención do consumo de drogas, igualdade de xénero, os roles da muller na sociedade,..)
- Respeto pola identidade de xénero e diversidade
- Control da ansiedade e estrés.
- Recollida de información individual e grupal, facilitarlle ó profesorado protocolos para avaliar os niveis de competencia curricular,...
- Analizar cos profesores as dificultades dos alumnos
- Actividades sobre itinerarios e información académica e laboral.
- Actividades de información e autocoñecemento, reflexión sobre a realidade de cada persoa; a toma de decisión exercida con responsabilidade.

Respecto ao profesorado:

- Desenrolar as actividades de titoría con respecto ao alumnado recollidos no apartado anterior: Dinámica de grupo, roles no grupo, técnicas de cohesión grupal.
- Propoñer iniciativas de traballo na titoría a realizar co alumnado do centro en función das necesidades detectadas cos niveis educativos do alumnado, ou con algún grupo en particular.
- Mediar en posibles situacións de conflito no centro e, no caso dos alumnos e profesores informar debidamente ás familias.
- Recoller información dos demais profesores sobre calquera tema que



afecte ó grupo ou a algún alumno en particular.

- Preparar, coordinar e moderar as sesións de avaliación, procurando que se axuste ós principios da avaliación formativa.
- Establecer canles de colaboración cos demais titores, do nivel ou do ciclo.

Respecto ás familias:

- Preparar e coordinar as reunións a comezo de curso e durante ás avaliacións.
- Pedir aos pais colaboración en relación ó proceso de formación dos seus fillos: Apoio nas entrevistas individuais ou grupais do titor/a coa familia para : intercambiar información, resultados académicos, hábitos de estudo, e organización do seu tempo de estudo e ocio.
- Realizar entrevistas individuais cando sexan precisas.
- Informar e formar grupos de discusión sobre temas formativos de interese para os seus fillos e as súas fillas.

O Departamento de Orientación coordinará o PAT, asesorará e proporcionará material nas reunións dos distintos recursos e colaborará directamente no desenvolvemento dalgunhas actividades, como as de orientación profesional e do plan de convivencias a través das titorías.

Actuacións dende o departamento de orientación:

Co alumnado

- ✓ .Un tema importante a traballar en todos os cursos é a igualdade entre homes e mulleres, a coeducación, o respecto á diversidade, as habilidades sociais e a resolución de conflitos, factores preventivos que poden mellorar a convivencia no centro.
- ✓ En 4º da E.S.O. 2º de BAC e 2º de ciclos formativos darase prioridade á Orientación académica e profesional durante o segundo e terceiro trimestre.
- ✓ Atención individualizada ao alumnado que o que o necesiten.
- ✓ Participación nas actividades de acollida ao alumnado de nova incorporación



Coas familias

- ✓ Participación nas reunións convocadas polo centro.
- ✓ Asesoramento e información sobre as necesidades e posibilidades formativas dos seus fillos e fillas.
- ✓ Seguimento da situación sociofamiliar do alumnado e as familias en especial das familias en situación de risco.
- ✓ Establecemento de relacións fluídas entre o centro e a familia.
- ✓ Información grupal e /ou individual aos pais dos aspectos relacionados coa educación dos seus fillos, especialmente no que se refire a hábitos de estudo, seguimento do proceso de aprendizaxe e orientación académica e profesional.
- ✓ Asesoramento sobre as pautas educativas que deben seguir en casos especialmente problemáticos.
- ✓ Apoio e asesoramento na toma de decisións relacionadas cos seus fillos e fillas: plans de estudos, optativas, probas de acceso, etc.

Co profesorado:

- ✓ Participación nas reunións convocadas polo centro.
- ✓ Colaboración cos profesores/as na planificación, seguimento e avaliación de programas e actividades para desenvolver en titorías.
- ✓ Asesoramento sobre os recursos organizativos e/ou pedagóxicos que poidan favorecer a aprendizaxe dos alumnos/as.
- ✓ Colaboración nas entrevistas do titor/a cos pais mediante aportacións psicopedagóxicas que poidan resultar de especial utilidade para a mellora persoal e académica do alumno.
- ✓ Asesoramento sobre as distintas estratexias metodolóxicas e da avaliación que poidan favorecer o proceso formativo do alumno.
- ✓ Coordinación cos centros adscritos para planificar a acollida do alumnado de nova escolarización.



2. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

A avaliación do **Plan de Acción Titorial** dividirase en tres fases:

- a) **Avaliación inicial (avaliación de necesidades):** Partiremos da avaliación do contexto e das necesidades do noso centro e alumnado. A concreción anual do PAT elaborárase baseándose nas necesidades detectadas e nas directrices que establece a Comisión de Coordinación Pedagóxica, coas aportacións de toda a comunidade educativa.
- b) **Avaliación continua/procesual:** Realízase ao longo do curso con carácter trimestral, tendo en conta a aplicación dos diferentes programas. Esta avaliación permite valorar os progresos e realizar as modificacións oportunas se fose preciso. Os instrumentos que se utilizarán serán as observacións, cuestionarios de valoración, o diálogo e os acordos das reunións de Claustro, da Comisión de Coordinación Pedagóxica e do propio Departamento de Orientación.
- c) **Avaliación final:** realízase ao remate do curso. Na última reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica analízase a efectividade do PAT e revisáranse os aspectos referidos a obxectivos, actividades, recursos, estratexias de intervención, etc. que poidan ser susceptibles de mellora de cara aos próximos cursos. Os instrumentos que se empregarán serán: cuestionarios, escalas de observación, enquisas, entrevistas, reunións entre os distintos participantes, etc.

Os **criterios de avaliación** serán os que se citan a seguir:

- ✓ Avaliación do desenvolvemento das titorías por parte dos titores e titoras e da orientadora ao rematar o curso.
- ✓ Avaliación da acción titorial por parte do alumnado. Análise dos resultados dos tests. Entrevistas co alumnado e coas familias.
- ✓ Grao de consecución dos obxectivos por sectores da comunidade educativa (alumnado, familias e profesorado).
- ✓ Adecuación das actividades aos destinatarios.
- ✓ Adecuación da temporalización.



- ✓ Implicación dos participantes: asistencia, participación e colaboración.
- ✓ Grao de satisfacción dos implicados.
- ✓ Coordinación do PAT cos centros adscritos.
- ✓ Coordinación do PAT cos distintos departamentos didácticos.

O departamento de Orientación elaborará unha memoria final sobre a aplicación e seguimento do PAT na que quedarán reflectidas as propostas de mellora realizadas na CCP para poder incluílas na programación do curso seguinte. Este informe formará parte da memoria final da Programación Xeral Anual (PXA) do centro.

4. MARCO LEGISLATIVO

Leis de Educación.

- ✓ A Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a LOMCE. LOMLOE. BOE 30 de Decembro de 2020.
- ✓ A Lei Orgánica de Mellora da Calidade Educativa, LOMCE (2013) que modifica a LOE (2006) e regula a base legal da educación na nosa comunidade e no estado Español.

Convivencia

- ✓ Lei 27/2005, do 30 de novembro, de fomento da educación e a cultura da paz.
- ✓ LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- ✓ DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar

Orientación

- ✓ Decreto 324/1996 que establece o regulamento orgánico dos IES.
 - Art. 58 Titoría-Orientación-Función Docente. Designación de tutores.
 - Art. 59 Funcións dos tutores.



- Art. 60 Coordinación de titorías pola xefatura de estudos.
- Art. 77 CCP. Establecerá as directrices xerais do PAT e do POAP por parte da CCP.
- ✓ Orde de 1 de agosto de 1997 que regula o desenvolvemento do decreto 324/1996
 - Art. 64. Designación de titorías.
- ✓ Art. 68. Horario titorías.
- ✓ Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional de Galicia.
- ✓ Orde do 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización funcionamento da orientación educativa e profesional de Galicia.
- ✓ Decreto 229/2011 que regula a atención á diversidade
- ✓ ORDE do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- ✓ CIRCULAR 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa en Galicia.

Educación Secundaria e Bacharelato:

- ✓ ORDEN de 26 de maio de 2023 por la que se desarrolla el Decreto 156/2022, de 15 de septiembre, por el que se establecen la ordenación y el currículo de la educación secundaria obligatoria en la Comunidad Autónoma de Galicia y se regula la evaluación en esa etapa educativa.
- ✓ ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
- ✓ RESOLUCIÓN de 23 de mayo de 2024, de la Dirección General de



Ordenación e Innovación Educativa, por la que se dictan instrucciones para el desarrollo de las enseñanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obligatoria y bachillerato en el curso académico 2024/25.

- ✓ Real Decreto 534/2024, de 11 de junio, por el que se regulan los requisitos de acceso a las enseñanzas universitarias oficiales de Grado, las características básicas de la prueba de acceso y la normativa básica de los procedimientos de admisión.

Formación profesional

- ✓ Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia.
- ✓ ORDE do 13 de xullo de 2015 pola que se regulan as ensinanzas de formación profesional básica na Comunidade Autónoma de Galicia, así como o acceso e a admisión nestas ensinanzas.
- ✓ Decreto 126/2023, do 20 de xullo, polo que se establece o currículo do ámbito de Comunicación e Ciencias Sociais e do ámbito de Ciencias Aplicadas dos ciclos formativos de grao básico de formación profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ✓ RESOLUCIÓN de 10 de julio de 2024, de la Dirección General de Formación Profesional, por la que se dictan instrucciones para el desarrollo de las enseñanzas de formación profesional del sistema educativo en el curso 2024/25.

Ensinanzas para persoas adultas

- ✓ Orde do 20 de marzo de 2018 pola que se regula a educación básica para as persoas adultas e se establece o se currículo na Comunidade Autónoma de Galicia
- ✓ Orde do 11 de junio de 2010 pola que se autorizan as ensinanzas de educación para persoas adultas, nas modalidades presencial e a distancia, en centros específicos de educación e promoción de adultos e institutos de educación secundaria dependentes da Consellería de Educación e Ordeación Universitaria.